

## SOLICITUDE DE ADMISIÓN DE SOCIOS CLUB OURENSE ATLETISMO ACADEMIA POSTAL

DATA DA SOLICITUDE:

NOME E APELIDOS DO SOLICITANTE:

DIRECCIÓN:

LOCALIDADE:

COD. POSTAL:

PROVINCIA:

DATA DE NACEMENTO:

NÚMERO DE N.I.F.:

TELÉFONOS DE CONTACTO: (Fixo):

(Móbil):

CORREO ELECTRÓNICO:

OBSERVACIÓNS:

ABONO DA CUOTA:  ANUAL  SEMESTRAL FORMA DE PAGO:  Domiciliación bancaria <sup>(1)</sup>  
60,00 € 30,00 €  Ingreso na conta do Club <sup>(2)</sup>

<sup>(1)</sup> ENTIDADE: NÚMERO DE CONTA: \_\_\_\_\_

<sup>(2)</sup> ENTIDADE: CAIXANOVA NÚMERO DE CONTA: 2080 0252 12 0040253067

O solicitante declara ter lido e estar de acordo coa Normativa de Socios especificada ó dorso deste documento.

Asdo.: O interesado

INFORME DA XUNTA DIRECTIVA:  FAVORABLE  
 DESFAVORABLE

Asdo.: O Presidente do Club

DATA DE INGRESO: \_\_\_\_\_

DATA DE BAIXA: \_\_\_\_\_

(Extracto da Normativa de Réxime Interna do Club)

### 3.- OS SOCIOS

**Art. 15.** O Estamento dos Socios estará formado por todas aquelas persoas maiores de 18 anos que así o soliciten e que abonen a cota correspondente. Tamén poderán ser Socios os atletas menores de 18 anos, aínda que neste caso non terán dereito a voto nas reunións da Asemblea Xeral do Club. O número de Socios do Club será ilimitado. A Xunta Directiva poderá, sen embargo, limitar a admisión de novos Socios cando así o esixan motivos razoados.

**Art. 16.** Estipúlanse dúas categorías de Socio, unha denominada de número, integrada por aqueles que satisfagan as cotas establecidas en cada momento, e unha segunda categoría, denominada Socio Colaborador.

Para ser admitido como **Socio de número** será necesario:

1. Ter cumprida a maioría de idade, para o que se tomará como referencia a esixible para ter dereito ó sufraxio universal.
2. Non ter sido expulsado anteriormente por este Club, nin baixo a condición de atleta nin a de socio do mesmo.
3. Solicitalo á Xunta Directiva mediante a correspondente solicitude asinada. Tralas oportunas deliberacións, a Xunta Directiva decidirá por maioría dos seus membros a aceptación ou non da solicitude.
4. Satisfacer a cota correspondente, que se dará a coñecer ó inicio de cada tempada, e que pode ser actualizada en caso de necesidade.

**Art. 17.** A condición de Socio de número pérdese por vontade propia do interesado; pola falta de pago da cota de sostemento; ou por acordo da Xunta Directiva a causa da comisión de algunha falta, previa instrución de expediente sancionador e con audiencia do interesado.

**Art. 18.** Os Socios do Club terán as seguintes **obrigas**:

- a. Os socios deben aportar a cota mínima económica anual fixada polo Club, para a axuda ó sostemento do mesmo. Esta cota poderá ser aboada nun único prazo ou en dous, como máximo.
- b. Poderán asistir ás reunións que a Xunta Directiva dispoña para eles, e á Asemblea Xeral e Extraordinarias, onde poden dar a súa opinión sobre tódolos temas relacionados co Club.
- c. Deben colaborar cos representantes da Xunta Directiva en cuestións puntuales e de apoio ós atletas.
- d. Se farán cargo das decisións que tome a Xunta Directiva, e valorarán a dificultade que ten a mesma para tomar decisións complicadas.
- e. Deben dar sempre unha imaxe do Club fiel e acorde coa realidade deportiva e económica, comprendendo a súa problemática.
- f. Defender os intereses do Club en todo momento, evitando sempre as discrepancias co mesmo fora das reunións da Xunta Directiva ou a Asemblea.

**Art. 19.** Os Socios del Club terán os seguintes **dereitos**:

- a. Os socios teñen dereito a participar na consecución dos fins deportivos do Club.
- b. Coñecer as actividades do Club e examinar as actas das sesións ou dos seus órganos.
- c. Expresar libremente as súas opinións dentro do Club.
- d. Ser electores e elexibles para os órganos de representación e goberno.
- e. Presentar nas reunións da Asemblea do Club as propostas, modificacións, cambios ou melloras que consideren oportunos para a boa marcha do Club.
- f. Separarse libremente do Club.

**Art. 20.** Tódolos atletas do Club que disfruten da condición de Socios poderán disfrutar de prerrogativas consistentes nunha serie de beneficios que a Xunta Directiva porá á súa disposición en cada momento, segundo as posibilidades do Club, e que serán oportunamente publicitadas. Estes beneficios poden ser, entre outros:

- Descontos na atención por parte de masaxistas ou fisioterapeutas cos que o Club consiga acordos.
- Obtención de material deportivo auxiliar (non de competición), nunhas condicións especiais: camisetas de adestramento, mallas, roupa de verán, impermeables, etc.
- Outro tipo de beneficios non especificados nesta Normativa.